



CONCELLO DE POIO

Ref: MC

(Secretaría)

ACTA DA SESION ORDINARIA, NÚMERO CINCOCENTAS VINTE E CATRO REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA VINTE E CATRO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL QUINCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do día vinte e catro de novembro de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs./as. Concelleiros Xulio Barreiro Lubián, Xosé L. Martínez Blanco, Margarita Caldas Moreira, Lidia Salgueiro Piñeiro, Jose Angel Lodeiro Cancela, Angel Moldes Martínez, Rocío Cochón Castro, Natividad Torres Balea, Cándido Muiños Balea, Manuel Domínguez Álvarez, Juan José Rodríguez Grandal, Marcial García Freijeiro, M^a Consuelo Besada Lores, Gregorio L. Agís Gómez e Rosa Fernández González; escusa a non asistencia a Concelleira D^a. Silvia Diaz Iglesias e a Interventora Municipal Olga Fernández Rodríguez. Actuando a Secretaria Xeral do Concello D^a. Paula Díaz Ramos. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

4171.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 27 DE OUTUBRO DE 2015, NÚM. 522.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta aos asistentes do contido da acta do 27 de outubro de 2015, núm. 522 e ao non realizarse observación ningunha á mesma esta queda aprobada polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros.

4172.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen:

A Corporación dáse por enterada.

4173.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola secretaria presente na sesión dáse conta das resolucións da alcaldía adoptadas desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos membros corporativos xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día.

A Corporación dáse por enterada.

4174.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA DA OBRIGA DE INFORMACIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS RESPECTO DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA: 3º TRIMESTRE 2015.. Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 16 de novembro de 2015 e que di o que segue: “A interventora municipal da conta do expediente manifestando que dando cumprimento á Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro remitiuse, o pasado 16 de outubro de 2015, a obriga trimestral de subministro de información das Entidades Locais ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas con relación os datos referentes ao terceiro trimestre do exercicio 2015.

A Comisión dáse por enterada.”.

A Corporación dáse por enterada do trámite realizado.

4175.- CONCELLERÍA DE FACENDA, REVISIÓN DE PREZOS DA CONCESIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RSU E LIMPEZA VIARIA CESPA, SA ANO 2015.- Dáse conta do expediente tramitado polo Servizo de Intervención e que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión ordinaria realizada o 16 de novembro de 2015 e que di textualmente: “Dáse conta do expediente, da Proposta do Concelleiro Delegado de Economía e Facenda de data 3 de novembro de 2015, do informe da Intervención Municipal de data 4 de novembro de 2015 e da proposta da Alcaldía de data 5 de novembro de 2015 que textualmente di o seguinte: “Vista a proposta do concelleiro delegado Xulio Barreiro Lubián de data 3 de novembro relativa a revisión de prezos da Concesión do Servizo de Recollida R.S.U. e Limpeza Viaria CESPA S.A para o ano 2015 (tendo en conta que no mes de maio do presente exercicio se formalizou contrato cunha nova empresa concesionaria do servizo, polo que a empresa CESPA S.A prestou servizos unicamente dos meses de xaneiro a maio de 2015).

Coñecido o contido do informe emitido pola interventora municipal de data 4 de novembro de 2015.

PROPOÑO o Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: aprobar a remuneración para o exercicio 2015 a que ten dereito a mencionada empresa polo importe anual de 625.187,41€ (sen IVE), correspondendo os meses de xaneiro a maio de 2015 (incluídos) a contía de 260.494,75€.

Segundo: dar traslado do acordo que se adopte polo Pleno da Corporación a empresa CESPA S.A.”

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido do expediente indicando que se trata dunha revisión de prezos que se ten que aprobar polo Pleno da Corporación como todos os anos

O día 19/10/2015, a través da plataforma FACE, a empresa CESPA S.A. Presenta factura correspondente ao período de liquidación correspondente ao primeiro bimestre de 2015 por importe de 105.607,71 € e detectouse que na mencionada factura o prezo é o mesmo que o aprobado para o exercicio 2014, polo que se procede a súa devolución por non conter o prezo actualizado para a anualidade 2015, tendo en conta que o IPC correspondente ao período comprendido entre decembro de 2013 e decembro de 2014 é do -1%, e tendo en conta o incremento no número de usuarios, a variación do prezo resulta unha diminución (sen IVE) ascende, con respecto ao prezo do exercicio 2014, a 4.918,99 €.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente a Proposta da Alcaldía e propor ao Pleno a súa aprobación.”.

Toma a palabra o Sr. Barreiro Lubián e explica aos asistentes que este asunto é tratado en pleno de forma anual e sempre a solicitude formulada pola anterior empresa concesionaria do servizo, este ano ao ver que non presentaron a instancia, tramítase o expediente de oficio, supoñemos que non o fixeron porque non lles compensará.

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a remuneración para o exercicio 2015 a que ten dereito a mencionada empresa polo importe anual de 625.187,41€ (sen IVE), correspondendo os meses de xaneiro a maio de 2015 (incluídos) a contía de 260.494,75€.

Segundo: Dar traslado do acordo á Intervención Municipal, Tesourería e á empresa CESPA S.A. Con indicación dos recursos que procedan.

4176.- INFORME SOBRE O CONTROL OPERATIVO E AVALIACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIMPEZA VIARIA.- A secretaria presente na sesión dá conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na sesión realizada o 16 de novembro de 2015 e que di o que segue: “Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, O Sr. Agís Gómez da conta do informe emitido pola empresa adxudicataria do servizo de auditoría do Concello sobre a xestión da empresa VALORIZA SM, concesionaria do servizo de recollida, limpeza viaria indicando que a empresa concesionaria non executou inversión algunha en materiais e equipos destinados aos tratamentos de recollida de residuos en ningunha das súas fraccións, resto, envases, papel cartón e vidro

O Sr. Barreiro Lubián di que se trae a esta Comisión por estar ligado á moción tratada e presentada polo Grupo Municipal Popular pero está pendente de informe do enxeñeiro municipal e dos informes de Intervención, Secretaría e Contratación para poder pasalo ao próximo Pleno e decidir, segundo o prego de cláusulas administrativas, as penalidades ou sancións que se poden aplicar.”.

Toma novamente a palabra a Secretaria presente na sesión e explica aos asistentes que con posterioridade á realización Comisión de Facenda con data 18 de novembro de 2015 incorpórase ao expediente o informe emitido polo Enxeñeiro Municipal e consecuentemente infórmase de forma conxunta por Secretaria, intervención e contratación do concello onde se pon de manifesto o réxime previsto sobre os incumprimentos, considerándose igualmente que o informe do enxeñeiro se debería de complementar en varios dos seus extremos.

Este informe foi incorporado ao expediente con data 24 de novembro de 2015 polo que non houbo tempo á valoración do mesmo polo Servizo de intervención, contratación e secretaria.

O Sr. Moldes Martínez pon de manifesto que o luns, cando quixeron ver os expedientes do Pleno este non estaba a disposición dos membros corporativos.

A secretaria pide desculpas se ben matiza que o expediente se estaba formado e de feito, o informe conxunto de intervención, secretaria e contratación colocouse por erro nunha distinta carpeta correspondente a outro punto da orde do día.

O Sr. Agís Gómez fai entrega ao Sr. Moldes Martínez dunha copia do informe emitido pola empresa contratada para a realización da auditoría da posta en funcionamento do servizo da nova empresa concesionaria e para proceder ao seu estudo de forma detida, solicita que quede pendente de estudo o asunto e coa finalidade de axilizar o expediente podería o Pleno delegar na Xunta de Goberno a imposición das penalidades que correspondan.

A continuación realízanse unha serie de intervencións polos distintos membros corporativos, propoñéndose que antes da imposición das penalidades que correspondan pola Xunta de Goberno e como órgano onde participan os distintos grupos da corporación se reúna a Mesa de Contratación e se ditamine pola comisión informativa de facenda, no seu caso..

Estando de acordo os dezaseis membros prestan a súa conformidade á proposta realizada.

4177.- GRUPO MUNICIPAL POPULAR, VERIFICACIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, A DETERMINACIÓN E IMPOSICIÓN DE PENALIDADES E A ADOPCIÓN DE MEDIDAS PERTINENTES.- A corporación por unanimidade acorda non tratar o presente asunto ao estar directamente relacionado co acordo anterior número 4176.

4178.- APROBACIÓN ORZAMENTO XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2016.- Dáse conta do expediente tramitado co motivo da aprobación inicial do orzamento xeral correspondente ao exercicio 2016 na que se cumpriron os trámites previstos na lexislación vixente procedéndose a súa negociación na Mesa Xeral de Negociación tal e como consta na acta incorporada ao expediente correspondente á sesión realizada con data 20 de novembro de 2015-

Posteriormente con data 23 de novembro de 2015 someteuse o expediente á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas en sesión extraordinaria convocada na que se emitiu o seguinte ditame: “Abre o debate D. Xulio Barreiro Lubián para explicar as principais liñas do proxecto de orzamento que se incrementa en 480.000,00 euros máis que no pasado ano, e pasa a unha análise por capítulos de gasto e ingreso:

O Capítulo I incrementábase nun 1% nos termos das determinacións legais aplicables así como para dar cobertura ao crédito das novas prazas creadas, Tesoureiro aínda que non se pensa cubrir, e para outras vacantes a incluír na vindeira OEP.

O Capítulo II incrementábase nun 2% sendo moi similar ao do ano anterior.

No Capítulo III redúcese en máis dun 20% como consecuencia das amortizacións levadas a cabo no ano 2015 sendo por tanto menos os intereses que se devengan.

O Capítulo IV incrementábase nun 12 % para dar cabida ao ascenso de gastos en emerxencia social xa experimentados no ano 2015.

O Capítulo VI incrementábase nun 12,84% se ben salvo nas partidas ARI e para a páxina web do Concello responden á previsión de posibles achegas municipais para subvencións a solicitar no ano 2016.

O Capítulo IX experimenta unha redución dun 5% como consecuencia das amortizacións nos termos xa comentados.

Respecto ao Capítulo I do estado de ingresos baixa nun 1,99% pola rebaixa do tipo do IBI e como consecuencia do acordo adoptado polo pleno en canto ao IVTNU.

O importe do Capítulo II se duplica en función da evolución experimentada no ano 2015, circunstancia igualmente aplicable ao Capítulo III e IV en función das estimacións dos do Ministerio.

Neste momento entra no Salón de Sesións D. Ángel Moldes Martínez.

O Capítulo IX ampara unha futura operación de crédito para o financiamento de inversións sen que se solicite unha contía superior á amortizada.

Toma a palabra D. Juan Grandal para pedir explicacións sobre as referencias efectuadas ás modificacións no IVTNU.

A interventora explica ao concelleira o seu alcance.

D. Ángel Moldes pregunta cómo se vai a facer fronte aos gastos imputables dende o exercizo 2015.

A interventora aclara que o gasto corrente se imputará contra créditos de tal natureza sen asignación específica, detraéndose dos créditos que amparan prazas de persoal que non se vana cubrir e coa RLT GX se a liquidación fose positiva. En canto aos de inversión están definidos .

D. Xulio Barreiro Lubián indica que a Deputación tamén vai a abrir a posibilidade de imputar ata un 15% a tal clase de conceptos con cargo a súa asignación..

D. Ángel Moldes pregunta se o concello vai a facer uso das operación de crédito a interese 0 de Deputación.

D. Xulio Barreiro lle indica que o van a estudar.

Toma de novo a palabra D. Ángel Moldes e pregunta polo importe consignado para o PXOM.

D. Xulio Barreiro respóndalle que se trata do pago de anualidade se ben se ten solicitado un aprazamento.

A interventora engade que se financia con fondos propios para non incrementar o importe da operación de crédito a solicitar por se non se usa.

D. Ángel Moldes pregunta por qué o crédito para inversións non ten adscripción ou finalidade específica.

D. Xulio Barreira comenta novamente que se trata de poder achegar as aportacións que se requiran pola petición de subvencións de distinto obxecto (saneamento, obras etc).

Rematado o debate e sometido a votación ordinaria, por seis votos a favor (BNG+PSOE) e catro abstencións (PP), adoptouse o seguinte ditame:

Primeiro.- Ditaminar favorablemente o proxecto de orzamento xeral municipal cos seus anexos.”

A continuación toma a palabra o Sr. Barreiro Lubián, Concelleiro Delegado de Facenda,

explicando aos presentes que o orzamento xeral do exercicio 2016 ascende a un importe total de 11.100.000 €, detallando dunha forma máis concreta os distintos capítulos do presuposto de gastos e ingresos.

Este presuposto, ao igual que exercicios anteriores, non é expansivo, xa que nos temos que adaptar as imposicións do estado e xogar coas cartas que nos dán e sempre tendo en conta o principio de prudencia.

Destacar que o Concello en catro anos situouse nunha porcentaxe de endebedamento 'dun 62% case a metade que fai catro anos, cumprindo coas exixencias dos gobernos, isto demostra a capacidade do concello de adaptación as exixencias e non estando nunha situación de creba como auguraba o PP. Estamos nunha boa situación e tendo en conta o gran esforzo que se fai ao non subir as taxas e impostos aos veciños, consideramos que isto hai que poñelo en valor.

Non se pode dicir o mesmo do goberno da Xunta ou do estado que sobe a súa débeda e sobe os impostos.

En resumo, mantemos as partidas de anos anteriores contemplándose a formalización dun préstamo con entidade financeira, increméntase a partida de emerxencia social ao detectar que este ano quedou escasa pola situación das familias, tense en conta a redución da recadación en IBI ao rebaixar o tipo impositivo, amortización de préstamos...

Toma a palabra a voceira do Grupo Municipal socialista, a Sra. Besada Lores e manifesta que o seu grupo vai votar a favor da aprobación destes presupostos. Son uns presupostos pensados para os cidadáns e tratan de paliar o que ven facendo o goberno do PP, que castiga ao máis débil. Un exemplo claro é o incremento da partida de emerxencia social así como ten en consideración a moción aprobada polo bipartito en plenos anteriores para garantir os servizos básicos aos cidadáns.

En resumo pensamos e consideramos que son uns presupostos bos asumindo gastos e sen incrementar as taxas.

Toma a palabra o Sr. Moldes Martínez e quere agradecer que os empregados municipais lle entregasen o documento para o seu estudo

Para o PP estes presupostos conteñen os mesmos erros que os anos anteriores e non mostran para nada a realidade.

O maior importe que contempla será para pagar as facturas do 2015 que están pendentes de pago, que non contemplan incrementos en partidas que quedaron escasas e que se agrava máis porque teñen pensado realizar outra operación de crédito.

Vostedes din que se trata dun presuposto pensado para os cidadáns pero nos pensamos que sen os cidadáns, xa que se incumpriu o acordado polo Pleno de realizar un consenso coa veciñanza.

Non podemos apoiar un presuposto realizado nestes termos, que depende dun crédito e non solucionan a situación senón que a agravan.

Comeza outra quenda de intervencións, o Sr. Barreiro Lubián que di que o orzamento é unha previsión dos gastos e ingresos. Tomamos decisións que podían ser moi diferentes, pero o equipo de goberna acorda non subir taxas e impostos desde o ano 2010, para nos os anos máis duros, esta decisión a Poio suponlle 300.000 € e en cinco anos 1.500.000 € aínda que outras administracións subiron os impostos como pode ser o IRPF ou o IVE.

Si que é certo que hai facturas pendentes de pago pero sabemos como pagalas como pode ser parte da partida do capítulo 1 (de persoal que sabemos que non se vai cubrir), a Deputación invertirá en Poio dos que un 15% poden ir destinados a pago de facturas.

Non facemos os presupostos ás espaldas dos veciños, poderíamos reunirnos con eles, pero o escenario económico non o permite. Consideramos que Poio conta con bastantes infraestruturas e neste momento o que debemos facer é mantelas. O PP soamente sabe criticar, nunca se presenta en Pleno cunha serie de medidas para que se teñan en conta.

A Sra. Besada Lores manifesta que lle chama a atención o dobre discurso do PP: cando invirte non xestiona e cando xestiona non invirte. Se neste momento hai facturas sen pagar é porque se están

dando servizos, uns servizos que se demandan polos veciños e tamén polos membros do PP, un exemplo é a situación de Combarro, vostedes din que levamos 6 anos sen investir en Poio, pero non ven a xestión que se fixo para que se fixeran intervencións por parte doutras administracións, isto tamén é gobernar.

Os seus discursos sempre son catastrofistas, pero o Concello sempre sae adiante.

Facemos cousas e asumimos máis competencias, o que supón o aumento de gasto, vostedes isto non o din, pero se queremos gobernar debemos asumir estas imposicións e non olviden que gobernamos para os cidadáns non como o PP que en doce anos de goberno da deputación investiu en Poio 4 millóns, esta é a cantidade que imos ter agora en catro anos, vergoña ññes debería de dar.

Si que se poderían facer máis cousas pero debemos priorizar.

O Sr. Moldes Martínez di que o Sr. Barreiro ten moi claro como facer fronte ás facturas, pero nos o que queremos poñer de manifesto é que se están repetindo os mesmos erros de sempre, pagamos facturas con gastos de persoal pero por exemplo se ven que as partidas de festexos son escasas e van supoñer maior facturación o que teñen que facer é incrementar a aplicación.

E non podemos olvidar que somos un dos concellos con maior importe das taxas, un dos máis caros da provincia.

Ogallá que os presupostos solucionen os problemas de Poio, pero vai ser que non o van facer.

O Sr. Barreiro Lubián di que as contas están claras porque non hai incógnitas que resolver, as únicas sorpresas son as que nos poden dar outros, nos témolo todo claro.

Rematado a quenda de intervencións sométese a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 23 de febreiro de 2015 o que queda aprobado por 9 votos a favor (6 BNG e 3 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar inicialmente o orzamento xeral do 2016 ,xunto coa demais documentación integrante do mesmo, de conformidade co disposto no Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora de facendas locais.

Segundo: Someter o expediente á información pública polo prazo de 15 días hábiles mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados no expediente presenten as alegacións que estimen por convinte.

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

4179.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, PARA INSTAR AOS GOBERNOS DE ESPAÑA E DA XUNTA DE GALICIA A INCLUÍR A VACINA CONTRA A MENINXITE B NO CALENDARIO VACINAL.- Previa declaración de urxencia polo voto voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros e de conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta do texto da moción presentada polo Grupo Municipal Socialista no Rexistro Xeral con data 16 de novembro de 2015 e que di o que segue: “A invención da primeira vacina, a da variola, realizada por Edvard Jenner aló polo ano 1796 supuxo un fito na loita contra a enfermidade. A partir dese momento, foron xurdindo vacinas para as enfermidades mortais ou con graves secuelas tales como tifo, tétanos, difteria, tosferina, tuberculose, poliomelite, etc . . . , o que proporcionou unha batería de ferramentas moi valiosas para poder loitar contra estas enfermidades e as súas devastadoras consecuencias. Estas novas armas á disposición dos médicos, deron como consecuencia unha importante diminución da mortalidade infantil e un aumento da esperanza e calidade de vida, pero só estaban dispoñibles para un pequeno sector da poboación, aquel que tiña os recursos suficientes para sufragalo gasto económico destas vacinas.

Co transcorrer do tempo, en España iniciáronse campañas de vacinación que non foron de carácter obrigatorio ate os anos 20 por mor dunha epidemia de variola, despois desta etapa de campañas,

nos anos 70 implementanse os calendarios vacinais, incidíndose na prevención temperá ao realizala naqueles grupos de maior risco como son os nenos/as dende case o nacemento. En España, estas vacinacións sufragadas polo erario público, supuxeron un gran avance non só en saúde e diminución drástica da mortalidade infantil, senón en igualdade de oportunidades, posto que calquera familia tiña ao seu dispor, de xeito gratuíto, a oportunidade de inmunización ou polo menos de minimalos riscos e secuelas de moitas enfermidades.

A Constitución Española, no artigo 43 de protección da saúde, no seu punto primeiro recoñécelle aos cidadáns españois o dereito á protección da saúde e no segundo, establece que compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios.

O Convenio sobre os Dereitos do Neno, aprobado pola ONU e ratificado por España, establece no artigo 6, que os Estados asinantes recoñecen que tódolos nenos teñen dereito intrínseco á vida e garantirán na máxima medida posible a supervivencia e o desenvolvemento do neno.

Existe dende fai meses un colectivo denominado “Plataforma de Cidadáns pola Saúde - Vacina XA”, que se mobiliza para recordarlle aos poderes públicos os deberes de protección que teñen coa cidadanía e en especial na protección da saúde e a prevención da enfermidade e esixen destes poderes, que introduzan a vacina contra a meninxite B de xeito universal e gratuíto para tódolos cidadáns, tendo en conta que neste ano xa morreron dous veciños de Arteixo e outro en Boiro. Dende esta plataforma son conscientes de que o eido municipal non ten case competencias a nivel sanitario e que a Xunta de Galicia non é quen de modificar unilateralmente o calendario vacinal, pero recórdanos que os Grupos Municipais dos concellos, están formados por veciños e veciñas, e son os representantes políticos da administración máis próxima á cidadanía, por iso nos piden que sexamos os valedores da súa causa ante os Gobernos da Xunta de Galicia e o Goberno de España, propoñendo, para aprobar polo pleno municipal, os seguintes ACORDOS:

Instar ao Goberno de España para que curse orde ao Ministerio de Sanidade para que a vacina da Meninxite B, sexa incluída de xeito inmediato no calendario vacinal.

Instar á Xunta de Galicia para que, no caso de que o Ministerio de Sanidade non acepte a inclusión inmediata da vacina contra a Meninxite B, instaure unha nova experiencia piloto coa implantación da vacina da Meninxite B.”

A Sra. Besada Lores, voceira do Grupo Municipal Socialista toma a palabra e explica aos asistentes que presentan a moción para paliar as carencias do PP, coas súas actuacións lamentables, que obrigas aos cidadáns a ir a outros países (Portugal) a comprar este tipo de vacinas, e crear situacións de inseguridade e de risco.

Pasamos dunha sanidade enviadiable a nivel europea a esta situación.

O Sr. Barreiro Lubián manifesta que lle parece increíble que en pleno século XXI se estean tratando este tipo de mocións. Nos sempre apostamos pola prevención.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese á votación a moción presentada polo Grupo Municipal Socialista a que queda aprobada polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Instar ao Goberno de España para que curse orde ao Ministerio de Sanidade para que a vacina da Meninxite B, sexa incluída de xeito inmediato no calendario vacinal.

Segundo: Instar á Xunta de Galicia para que, no caso de que o Ministerio de Sanidade non acepte a inclusión inmediata da vacina contra a Meninxite B, instaure unha nova experiencia piloto coa implantación da vacina da Meninxite B.

4180.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 28/2015, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO.- Previa declaración de urxencia polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros e de conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta da providencia da alcaldía de dat a20 de novembro de 2015 e que di o que segue: “Luciano Sobral Fernández, Alcalde do Concello de Poio,**EXPÓN:** Que o crédito previsto nas aplicacións 011.31000 “Intereses” e 011.91100 “Amortización débedas” no Orzamento de 2015 é suficiente, segundo as previsións da Intervención municipal, para satisfacer o gasto pendente de aprobación con relación os vencementos de préstamos vixentes no presente trimestre, existindo polo tanto crédito dispoñible nas mencionadas aplicacións.

Que no día de onte se nos comunica dende o Organismo de Recadación Provincial (ORAL) o ingreso da cuarta Liquidación en vía executiva das recibidas no presente exercicio 2015 (correspondente os meses de setembro-outubro) por importe bruto de 266.717,38€ debendo, en virtude da mesma, dispoñer de crédito para satisfacer o importe do gasto correspondente a taxa pola prestación do servizo correspondente o Organismo Autónomo provincial.

Comunicado a esta Alcaldía dende a Intervención municipal, que a aplicación 931.22708 (onde procede contabilizar o gasto da taxa a satisfacer o Organismo de recadación) dispón dun crédito dispoñible que non é suficiente para atender o resto dos gastos a satisfacer no presente exercicio se **PROPÓN:** Realizar un expediente de transferencia de crédito de parte do saldo dispoñible na aplicación 011.31000 “Intereses” por importe de 30.000€ con destino a aplicación 931.22708.

Aplicacións de gastos con créditos a minorar:

Partida	Concepto	Crédito dispoñible
011.91000	Intereses	30.000,00 €
	Total Baixa de créditos.....	30.000,00 €

Aplicacións de gastos con incremento de créditos:

Partida	Concepto	Crédito a incrementar:
931.22708	Política económica e fiscal. Servizos de recadación a favor da Entidade	30.000,00 €
	Total Alta de créditos.....	30.000,00 €

”

Con data 20 de novembro de 2015 incorpórase ao expediente informe da Intervención Municipal.

Non suscitándose debate ningún e vista a proposta da alcaldía de data 20 de novembro de 2015 o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou o expediente presentado pola Intervención Municipal adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: aprobar a modificación orzamentaria nº28/2015, mediante transferencia de crédito que ascende ao importe de 30.000€ nos seguintes termos:

Aplicacións de gastos con créditos a minorar:

Partida	Concepto	Crédito dispoñible
011.91000	Intereses	30.000,00 €
	Total Baixa de créditos.....	30.000,00 €

Aplicacións de gastos con incremento de créditos:

Partida	Concepto	Crédito a incrementar:
931.22708	Política económica e fiscal. Servizos de recadación a favor da Entidade	30.000,00 €
	Total Alta de créditos.....	30.000,00 €

Segundo: Someter o expediente a información pública mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados no expediente presenten cantas alegacións estimen por convinte.

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓN- Non se producen.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte e unha horas e cinco minutos, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretaria Xeral, dou fe.